



E L L O  
D E  
S A D A  
(A C O R U Ñ A)

## DECRETO. Aprobación das Bases de participación dos comercios de Sada na actividade “Ilumina o Nadal” 2017

Logo de ver a proposta efectuada pola Concelleira Delegada de Educación, Xuventude e Saúde con data 10 de novembro de 2017, pola que solicita a aprobación das Bases de participación na actividade “Ilumina o Nadal” 2017, **RESOLVO:**

Primeiro: Prestar aprobación ás citadas Bases.

### BASES CONCURSO

#### “ILUMINA O NADAL,

#### nós pagamos a luz”

1º : **Obxecto.** Con motivo das vindeiras datas, queremos animar aos comercios de Sada a que participen coa súa decoración de Nadal, co obxecto de contribuir a que o ambiente festivo que se inicia co “Acende o Nadal” se instaure nas rúas do noso pobo.

2º: **Participantes.** Poderán participar neste concurso todos os establecementos de Sada abertos ao público (independentemente do sector ao que pertencen) e que dispoñan dun espazo a decorar visible dende a rúa.

3º: **Entidade Organizadora.** A entidade organizadora deste concurso “Ilumina o Nadal”, recoñecendo como tal a aquela encargada da súa xestión, coordinación e seguemento será o Concello de Sada a través da Concellería de Educación, Xuventude e Saúde.

4º: **Inscricións.** Todos os establecementos interesados deberán cubrir un formulario online que estará dispoñible na web [www.concellodesada.com](http://www.concellodesada.com) nun banner permanente habilitado para a ocasión. O prazo para realizar dita inscrición estará aberto desde o día 5 até o 22 de decembro ás 18.00h.

5º: **Temática.** A decoración do espazo será a propia da época, sendo imprescindible ter iluminación navideña e deixando total liberdade en canto á técnica a desenvolver, non sendo preciso grandes custes, senón deixar fluir a imaxinación.

6º: **Período exposición.** As creacións deberán permanecer coa decoración presentada dende o inicio do período de votación até o día 6 de xaneiro inclusive.

#### 7º: **Funcionamento do concurso.**

7.1: **Achegas fotográficas.** Durante o período de inscrición (do 5 ao 22 de decembro ás 18.00 horas), os negocios inscritos deben enviar ao correo [omixsada@gmail.com](mailto:omixsada@gmail.com) a fotografía da decoración deseñada que será colgada no Facebook OMIX SADA o día 23 para o inicio das votacións, indicando a que establecemento corresponde dita fotografía.

#### 7.2. **Votacións do xurado.**

Estará formado o xurado por sadenses con vinculación ás artes plásticas e decorativas e designado por esta concellería organizadora. Dito xurado terá un mínimo de 3 persoas e un máximo de 6. A votación realizarase no local da OMIX nun día acordado pola organización entre a semana do 23 de decembro e o 5 de xaneiro, previa visita dos membros do xurado aos establecementos inscritos e visionado das fotografías do escaparate ese mesmo día de votación.

7.3: **Votacións públicas a través de Facebook.** Calquera persoa cunha conta en Facebook e que lle de a “ME GUSTA” no noso perfil OMIX SADA (requisito imprescindible para poder participar), poderá realizar a votación na galería de Fotos “Ilumina o Nadal 2017” que estará habilitado dende o día 23 de decembro e até o 6 de xaneiro de 2018 até ás 18.00h. Ten que darlle a “ME GUSTA” **dentro de cada foto que considere**, podendo facelo en máis dunha dentro desa mesma galería.

A partir das 18.00h dese 6 de xaneiro, xa non será admitida ningunha votación máis, e procederase á contabilización do número de “ME GUSTA” en cada fotografía.

Independentemente da votación, e de forma voluntaria, aqueles participantes que o desexen poden deixar o seu comentario dicindo que é o que máis lles gusta de cada decoración que elixan, así como etiquetarnos nas súas publicacións ou utilizar o hashtag #IluminaONadal

7.4: **Resultados:** Despois de computarse cada “ME GUSTA” en cada unha das fotografías que compoñen a galería do álbum “ILUMINA O NADAL” que integran os negocios participantes, publicaremos os resultados das dúas votacións no noso perfil do Facebook da OMIX SADA e posteriormente na páxina web do Concello [www.concellodesada.com](http://www.concellodesada.com).

#### 8º: **Premios:**

Tal e como intenta o título da iniciativa, os negocios sadenses iluminan o Nadal e o Concello axuda cunha aportación económica ao pago da luz, quedando así establecidas dúas categorías de premios:

- **DO XURADO:** O premio ao escaparate máis votado será **200 €** e unha placa conmemorativa.

- **DO PÚBLICO (FACEBOOK):** O premio ao escaparate máis votado será **200 €** e unha placa conmemorativa

Os premios destas diferentes categorías poden ser compatibles e por tanto acumulativos.



C O N C E L L O  
D E  
S A D A  
( A C O R U Ñ A )

9º: **Entrega de premios.** Unha vez publicitados os escaparates gañadores e comunicado aos seus respectivos representantes, establecerase previamente un día para que sexa entregado un cheque simbólico nos respectivos establecementos, xa que o premio en metálico será aboado a través de transferencia, previa aportación dun certificado bancario onde conste o nome do titular agraciado.

10º: **Aceptación.** A presentación da inscrición constitúe o compromiso por parte do solicitante a aceptar as normas establecidas nas presentes bases. Asimesmo, os datos de contacto facilitados no formulario poderán ser integrados na base de datos do Concello de Sada para futuros proxectos e poder comunicarllo aos negocios do municipio buscando unha forma máis áxil e rápida de publicitar as iniciativas nas que poden colaborar.

Igualmente, acorde á Lei de Servizos da Sociedade da Información e Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos española, os representantes dos establecementos terán dereito de oposición, acceso, rectificación e cancelación dos seus datos.

Segundo: Ordenar a súa publicación na paxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Ofcina da Xuventude.

**CONCELLARIA DE EDUCACION, XUVENTUDE E SAUDE**

---